




Guía de Acolida Enfermeiras/os

**UNIDADE DE CIRURXÍA TORÁCICA E
CIRURXÍA VASCULAR**


Planta 4ª C

Hospital Álvaro Cunqueiro





- 1 Organización do Traballo**
- 2 Tarefas comúns a tódolos turnos**
- 3 Tarefas Quenda de Mañá**
- 4 Tarefas Quenda de Tarde**
- 5 Tarefas Quenda de Noite**
- 6 Pautas da unidade nos ingresos de pacientes**
- 7 Actividades Programadas**
- 8 Seguridade dos Pacientes**
- 9 Decálogo de Boas Prácticas**



1

Organización do Traballo



Benvida/o á planta 4ª C do Hospital Álvaro Cunqueiro.

O obxectivo desta guía é favorecer a túa integración no traballo habitual da unidade.

- O traballo organízase por asignación e distribución de pacientes ao persoal, co fin de proporcionar atención integral e que o paciente/familia saiba en todo momento quen son os responsables do seu coidado.
- As accións descritas en cada quenda non supoñen a totalidade das desenvolvidas polo persoal de enfermería, posto que existen outras funcións que xurden a demanda, necesarias para manter o bo funcionamento da unidade e dar unha axeitada atención ao paciente e á súa familia.
- Recorda que o persoal está suxeito ao segredo profesional e á lei de protección de datos.
- O acceso á historia clínica do paciente e ao resto das aplicacións corporativas é persoal e intransferible, mediante usuario e contrasinal. Debes solicitar ao/á Supervisor/a da Unidade, a súa xestión para a activación dos accesos necesarios. En ningún caso debes cedelo a outros profesionais.
- Para máis información sobre a unidade podes consultar o Manual de Xestión e Organización Interna na Intranet Corporativa.

As actividades descritas nesta guía poderán estar suxeitas a modificacións dependendo da situación dos pacientes e a unidade.

2 Tarefas Comúns a Tódolos Turnos



- Recoller o cambio de quenda e/ou revisar incidencias de quendas anteriores.
- Realizar a primeira visita, ao inicio da quenda, ao cuarto do paciente e presentarse como a enfermeira responsable dos seus coidados, verificando a súa identidade mediante a pulseira identificadora.
- Realizar a toma de constantes vitais que corresponda, glicemias.
- Medición de drenaxes e control balance hídrico , rexistrar na aplicación.
- Preparar a pé de cama e administrar a medicación
- Xestionar cambios de tratamento e alertas con farmacia a través da aplicación SILICON.
- Revisar as dietas dos pacientes prescritas na aplicación COOQUS e comunicar á TCAE os cambios de dietas e/ou xaxúns.
- Valorar e colaborar coa TCAE nos coidados dos pacientes con maior dependencia.
- Realizar os coidados de enfermaría establecidos no Plan de Coidados
- Rexistrar as probas realizadas durante a quenda



2 Tarefas Comúns a Tódolos Turnos



- Obter mostras para analíticas urxentes e outras tomas de mostras biolóxicas.
- Atender os timbres que sexan necesarios.
- Valorar o paciente o seu regreso a unidade tras a realización de probas
- Recibir e valorar os pacientes procedentes de reanimación
- Recepción e acollida dos ingresos.
- Colaborar nas tarefas de xestión da Unidade ante a ausencia da Supervisión.
- Realizar as peticións de servizo vía telefónica a través do CAU, relativas aos Servizos de Hostelería e Mantemento.
- Realizar accións preventivas de UPP.
- Confirmar accións na aplicación.
- Realizar o mantemento do plan de coidados.
- Rexistrar comentarios evolutivos.
- Realizar informes de continuidade de coidados e entregalos.
- Dar cambio de quenda.

3

Quenda de Mañá



- Preparar o carro de curas para o pase de visita médico, deixándoo limpo para a quenda seguinte.
- Realizar as curas, analíticas e tramitación (previo rexistro) de probas que xurdiran durante o pase de visita.
- Preparar os pacientes que van a quirófano programados para segunda hora.
- Comunicar prealtas a Admisión e prepararlas. Axilizar os coidados a estes pacientes para facilitar a dispoñibilidade de camas.
- Recoller a historia clínica, e entregar Informe de Continuidade de Coidados.
- Recibir os pacientes programados para intervención cirúrxica: ingresos as 8h (2º quirófano) ou 12h (quirófanos da tarde). Verificar que está toda a historia clínica e todos os procedementos precirúrgicos en orden.
- Colaborar co facultativo na realización das técnicas que o precisen.
- Pacientes que están citados para probas deben estar preparados. Preparar historia clínica se procede e supervisar: vía permeable, rasurado, medicación, retirada de próteses, aneis, etc.
- Devolver diariamente no carro de farmacia a medicación non administrada.

4

Quenda de Tarde



- Preparar o paciente programado para cirurxía en quenda de tarde en 2º lugar.
- Recibir os pacientes programados para intervención Cirúrxica: ingresos as 18h (1er quirófano do día seguinte). Verificar que está toda a historia clínica e todos os procedementos precirúrxicos en orden. Realizaranse os plans de coidados e rexistros de escalas de valoración correspondentes.
- Realizar curas que se precisen. A sala de curas deberá deixarse recollida.
- Asegurarse de que os pacientes que están citados para probas o día seguinte se lles realiza a preparación.
- Recepción e acollida dos ingresos urxentes, realizando os plans de coidados e rexistros de escalas de valoración correspondentes, actualizando dietas no aplicativo correspondente.
- Xestionar traslados de pacientes a outras unidades, comprobando que porta a historia completa. Axilizar.

5

Quenda de Noite



- Vixiar apósitos e drenaxes de pacientes intervidos cirúrxicamente.
- Asegurarse de que os pacientes que están citados para probas o día seguinte se lles realiza a preparación.
- Preparar os pacientes programados para cirurxía en quenda de mañá en primeiro lugar. Identificación correcta do paciente e colocación do cartel de xexún.



6

Pautas da unidade para ingreso de pacientes

- Colocar pulseira identificadora
- Facer entrevista e cubrir [Ficha do paciente](#) na aplicación
- Anotar peso e talle na gráfica
- Facer [Plan de cuidados](#)
- Facer [Escalas de valoración](#): Braden, Risco de caídas, (modificando o plan segundo o risco (baixo, moderado ou alto))
- Rexistrar vías periféricas
- Rexistrar curas (UPP no seu caso)



7

Actividades Programadas



- Carro de RCP: revisar na quenda de noite xunto coa TCAE todos os sábados e cada vez que se utilice.
- Farmacia da Unidade: revisar último martes de mes, en quenda de mañá pola TCAE Volante.

8

Seguridade do Paciente



- Comproba a correcta identificación do paciente e a colocación da pulseira identificadora.
- Realiza a Hixiene de mans nos 5 momentos.
- Verifica os 5 correctos na administración da medicación.
- Preserva a integridade cutánea do paciente.
- Evita as caídas aplicando as medidas preventivas necesarias.
- Rexistra sempre os coidados realizados.

9

Decálogo de Boas Prácticas



01

PRESENTATE

Presentate co teu nome e categoría profesional e leva visible a tarxeta identificativa.

04

PRACTICA A EMPATÍA

Respecta as crenzas, valores e preferencias de pacientes e profesionais.

07

FAI EQUIPO

Fomenta a participación e o traballo en equipo e manexa os recursos responsablemente.

10

COIDA CON SEGURIDADE

02

COIDA O TEU ASPECTO

Mantén unha uniformidade correcta. Non leves xoias nin uñas pintadas e recolle o cabelo.

05

FOMENTA O DESCANSO

Planifica o tratamento e coidados para favorecer o sono. Minimiza o ruído e a luz.

08

RESPECTA A INTIMIDADE

Garante a privacidade e confidencialidade, respecta a intimidade do/a paciente e a súa autonomía.

03

INFORMA E ESCOITA

Adapta a linguaxe e comproba que te entenden. Practica a escoita activa.

06

COIDA A COMUNICACIÓN NON VERBAL

Coida o ambiente e a comunicación non verbal. Non utilices o móbil durante a práctica asistencial.

09

GARANTE A CONTINUIDADE ASISTENCIAL

Asegura a continuidade asistencial a través dos informes de alta e os rexistros na H^a clínica. Recorda que é un dereito do/a paciente.

Ten presente a seguridade do/a paciente nas túas intervencións e coidados e mantén actualizados os teus coñecementos.